


VRBS

**Tanto Roma
como Grecia
son dúas
grandes
civilizacións
urbanas**

**As dúas entenden
que o pleno
desenvolvemento
da vida pública só
pode ter lugar nun
entorno concreto: a
CIDADE**




**Aínda que é un concepto tan romano como grego, será Roma
quen o estenderá por todo o Mundo Antigo, debido á súa potencia
conquistadora**



Atribúese a Hipódamo de Mileto o concepto de planificar a construción dunha cidade a partir dun deseño ortogonal: as rúas dispóñense segundo un sistema de rectas paralelas e perpendiculares, no que se definen tanto as zonas destinadas a vivendas como as reservadas para espazos públicos


Os romanos aplicaban o mesmo principio cando establecían un campamento militar. Partindo de dúas rúas principais, unha de norte a sur (*cardo maximus*) e outra de leste a oeste (*decumanus maximus*), trazaban as demais. Non poucos campamentos foron xermolo de novas cidades, como por exemplo León, antigo asentamento da *Legio VII Gemina*



Campamento e cidade de Timgad (Norte de África)



Restos do campamento de *Aquis Querquennis* en Baños de Bande (Ourense)



**Pero se nalgunha cidade non se pode apreciar este
procedemento tan racional, esa é Roma. A causa é
que a súa orixe é moi antiga, dun momento no que a
civilización romana estaba desenvolvéndose. Por iso
as rúas de Roma estaban trazadas sen moita orde,
de xeito que resultaba doado perderse: pensa que as
rúas non tiñan nome e as casas non estaban
numeradas.**

Imos viaxar no espazo e no tempo

ROMA



**Nesta vista
da Roma
actual
podes
apreciar
dous
elementos
básicos:**

O río Tíber

**Os restos da
área
monumental
dos foros**



Nesta maqueta reconstrúese o aspecto da maior parte da cidade nos s. III-IV d.C.

**O que ves neste plano é o
emprazamento de Roma, que
estaba ás beiras dun río e cun
pequeno val no que confluían
as pendentes de sete outeiros:**

CAPITOLIO

PALATINO


AVENTINO

CELIO

ESQUILINO

VIMINAL

QUIRINAL





Capitolio

Palatino

Foros Romano e Imperiali


Coliseo


**Este é o
aspecto
actual que
tén a zona
monumental
máis ampla
da cidade.**

**Aprécianse
dous dos
outeiros e a
área a dos
foros, co
Coliseo no
seu extremo**

FORO ROMANO

FOROS IMPERIAIS





Curia
Hostilia
(lugar de
reunión do
Senado)

Basílica
Emilia
(centro de
negocios)

Templo
de
Cástor
e Pólux

Templo
de Vesta

Templo de
Saturno
(tesouro
público)

Basílica
Xulia
(centro de
negocios)

Esta é unha reconstrución ideal do Foro Romano...

vista xeral desde o Capitolio



Templo de Vesta



Basílica Emilia

**... e este é
o aspecto
que ofrece
hoxe en
día:**



Basílica Xulia



De esquerda a dereita e de superior a inferior:

**Casa das Vestais, Templo de Venus e Roma,
Templo de Cástor e Pólux, Templo de Saturno,
Curia Hostilia, Rostra (lugar desde onde os
oradores se dirixían ó público) e Basílica de
Maxencio**



Dos Foros Imperiais, o único que está minimamente conservado é o de Traxano, sobre todo polo que toca á Columna e ós Mercados que levan o seu nome.

O que ves é unha reconstrución

Columna

Mercados

Interior do Foro






**Este é o aspecto actual dos chamados
Mercados de Traxano (arriba) e da
Columna (dereita) que relata nun relevo
as conquistas militares deste Emperador**



**Moi preto dos
Foros están
estoutros
restos
arqueolóxicos:**




Capitolio

Palatino

Circo Máximo

Coliseo

No Palatino concentrábanse as residencias imperiais, que gozaban dunha pendente moi axeitada para contemplar ás carreiras de carros que se celebraban no Circo Máximo, sito nun val entre o Palatino e o Aventino. Esta, loxicamente, é unha reconstrución



Palacios
Imperiais

Circo
Máximo




**Isto é todo o que queda das
inmensas casas dos Emperadores
romanos no outeiro do Palatino, em
concreto das coñecidas como
Domus Augusta e Domus Flavia. O
que ves á esquerda era un
“pequeno” circo integrado no
palacio**



Vista dos restos das fachadas dos palacios imperiais que daban ó Circo Máximo desde o que debeu ser unha das bancadas do recinto



Estado actual do Circo Máximo, cuxa pista de carreiras medía 450 m de longo por 150 de ancho



Templo da Tríada
Capitolina

O Capitolio era o outeiro mais sagrado, onde estava o templo principal da cidade, dedicado á tríada capitolina: Xúpiter, Xuno e Minerva



Esta zona foi moi remodelada ó longo do tempo, xa que acolleu (e aínda o fai) a Casa do Concello da cidade de Roma. Do seu estado actual é responsable o artista do Renacemento Miguel Anxo Buonarroti. A estatua do centro é a do Emperador Marco Aurelio



Na área que se extendía máis alá do Templo de Venus e Roma, contra o final do Foro Romano, había auga estancada. O Emperador Nerón mandou desecala para construír un enorme palacio, con infinidade de salas: a *Domus Aurea*

Tras a morte violenta de Nerón, o Senado quixo borrar a súa memoria, polo que o Emperador Vespasiano derruíu o palacio e sepultou os restos para construír un enorme anfiteatro que o seu fillo Tito viu rematar no 80 d.C.: o Anfiteatro Flavio (pola dinastía que o erixiu) ou Coliseo.

Así pode verse hoxe no seu exterior...



... e no interior, coas bancadas para o público (a entrada era moi barata) e os sotos destinados a acoller a feras e gladiadores antes de saír a area e facer tolear de ledicia ós máis de 40.000 espectadores que os agardaban



O sistema de acceso ás bancadas, con moitos corredores e vomitorios, aínda segue a empregarse hoxe na construción de grandes estadios e pavillóns. Pódelo apreciar nas dúas seguintes diapositivas, cunha reconstrución do edificio


Tea móbil para
mitigar o sol



Corredores
de acceso




Vomitorios



Licensed from: Amazing Buildings ©1993 Dorling Kindersley. All rights reserved.

COLOSSEUM


Nestas dúas imaxes podes ver ilustrada unha hipótese sobre como accedían os animais á area a través de rampas e pequenas portas practicadas na tarima de madeira que ocupaba o centro





O Panteón foi concibido como un templo dedicado a todos os deuses. Foi rematado en tempos do Emperador Hadriano no ano 126 d.C.

Ten, aínda hoxe, a cúpula máis grande do mundo sen formigón reforzado. Tanto a altura ata o *oculus* como o diámetro son de 43,3 m






O emperador Hadriano proxectou o seu propio mausoleo, que foi rematado despois da súa morte.


Tiña unha base cadrada duns 90 m de lado, sobre a que se edificou un cilindro de 64 m de diámetro e 20 m de altura. Sobre o cilindro erixiuse un templo rematado por unha cuádriga de bronce, guiada. Máis tarde foi convertido en fortaleza, e empregado para tal función polos papas. Hoxe é coñecido como *Castel Sant'Angelo*





Os éxitos bélicos de Roma fixeron que moitos gobernantes sentisen a necesidade de deixar boa constancia das súas glorias. Para iso erixíanse arcos polos que pasaban os desfiles triunfais. Aquí podes ver, de esquerda a dereita, os de Tito, Septimio Severo e Constantino (os dous primeiros no Foro Romano e o terceiro preto do Coliseo)



Dispersos pola cidade había unha serie de teatros. Inspirados na planta do teatro grego, destinábanse a acoller representacións, sobre todo cómicas. De feito, o anfiteatro romano nace da fusión de dous teatros



Os romanos gustaban moito dos baños públicos ou termas. Na capital había varios, e de grandes dimensións, alimentados polas augas dos acueductos. No subsolo contaban cun *hypocaustum*, onde se quentaba o aire, que se repartía a través de ocos nas paredes



A xente accedía a diversas salas onde podía desvestirse, facer exercicio e tomar baños en varias piscinas con auga a diferentes temperaturas. Algunhas termas mesmo contaban con bibliotecas e outras dependencias dedicadas ó tempo de ocio



Uns dos edificios termais máis grandes era o construído polo Emperador Caracalla. Ocupa 10 ha. e nel podían bañarse á vez máis de 2.000 persoas. Á esquerda podes ver o que queda delas...

...e aquí á dereita unha reconstrucción hipotética baseada nos restos arqueolóxicos

